

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

BASES DE SELECCIÓN PEÓN FORESTAL APROL-RURAL 2020 (SUBVENCIÓN OUTORGADA POLA XUNTA DE GALICIA CONVOCATORIA ORDE 20-12-2019)

Por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria aprobouse una subvención para a contratación dun traballador/a desempregado/a con problemática ou risco de exclusión laboral. Dado que a persoa a contratar ten que ser desempregado inscrito, hai que realizar a petición de currículos ao Servizo Público de Emprego de Galicia. Redactouse unha proposta de bases para a selección deste persoal, co obxecto de fomentar a súa integración social e laboral, á vez que se melloran as infraestruturas rurais.

Por razón de urxencia, e tendo en conta as atribucións de xefe de persoal do concello, dito a seguinte

RESOLUCIÓN:

1º. Apróbanse as bases de contratación laboral temporal e urxente de 1 peón forestal polo sistema de concurso de méritos, tal e como se transcriben no Anexo, respectando os principios constitucionais de concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

2º. Proceder á formulación de oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia, así como á publicación do anuncio de convocatoria urxente no taboleiro da consistorial.

ANEXO

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL DE CARÁCTER TEMPORAL AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL-RURAL 2020 DO CONCELLO DE IRIXOA (ORDE DO 20-12-2019)

1ª. Obxecto.

As presentes bases teñen como finalidade a regulación do sistema, procedemento e baremo que se aplicará na selección dun (1) peón forestal, conforme ao previsto na subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 (DOG 28-1-2020), para a execución de obras, servizos de interese xeral e social e de competencia local.

As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios municipal.

2ª. Características do contrato de traballo

O/A traballador/a estará vinculado/a ao Concello de Irixoa mediante a modalidade de contrato temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social (obra ou servizo), coas seguintes características:

Duración do contrato: 9 meses (data de inicio previsible o 1-7-2020)

Tipo de xornada: 100% (completa)

Retribucións: 1.130 €/mes, incluíndo a o prorrateo das pagas extras.

3ª. Procedemento de selección.

O Concello de Irixoa presentará unha oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, para que se lle remitan un mínimo de 2 candidatos/as por cada posto de traballo. O número de prazas a ofertar será de 1 peón forestal.

A oficina de emprego comunicará aos/as candidatos/as aspirantes a inclusión no listado comunicado ao concello.

Tras a recepción do listado comunicado de persoas demandantes de emprego, procederase polo concello ao aviso telefónico ou persoal as mesmas para que poidan presentar a correspondente instancia, coa xustificación dos méritos a valorar, dentro dun prazo de 3 días naturais; tendo en conta a documentación presentada o tribunal calificador realizará a pertinente valoración de méritos dos aspirantes.

4ª. Requisitos dos/as aspirantes.

Os aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data da instancia e que están en condicións de acreditarlos, unha vez superado o proceso selectivo, antes de que se dite resolución a favor do aspirante que vaia ser contratado temporalmente:

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións correspondentes, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes.
- d) Non ter sido separado/a do servizo de calquera Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

- e) Figurar na listaxe de candidatos remitidos pola Oficina de Emprego de Betanzos.

5ª. Funcións.

As funcións a desempeñar polas persoas que resulten seleccionadas consistirán nas propias da súa categoría, concretamente limpeza e mantemento de franxas de protección contra incendios forestais.

6ª. Tribunal de selección.

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 3 membros:

- Presidenta: Isabel Bouzón López.
- Vogal: Úrsula de la Barrera Fernández.
- Secretario: Alejandro Alonso Figueroa.

Todos os membros do Tribunal terán voz e voto e están adscritos a un posto de traballo que requira igual ao maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo.

7ª. Sistema de selección.

O sistema de selección será o concurso de méritos, con posibilidade de entrevista sobre os mesmos.

8ª. Valoración

A puntuación máxima atendendo ás circunstancias persoais será de 10 puntos distribuídos do seguinte xeito:

Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres (1 punto) e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero (2 puntos).
- b) Menores de 30 anos (1 punto), en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional (2 puntos).
- c) Persoas paradas de longa duración (1 punto).

- d) Persoas con discapacidade superior ao 33% (1 punto).
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito (2 puntos).
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos (1 punto).
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia (1 punto).

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por tales ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento (ata 2 puntos).

O tribunal, cando o estime necesario pola igualdade dos candidatos, as súas circunstancias persoais, etc., poderá optar a realizar unha entrevista aos candidatos de maior puntuación, valorada cun máximo de 3 puntos, relativa aos méritos aportados e á situación persoal. No caso de que se dea finalmente a igualdade de puntuación entre candidatos, o Tribunal realizará un sorteo ao que estarán convocadas as persoas implicadas na igualdade.

9. Proposta de selección.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal levantará acta na que se farán constar as puntuacións obtidas por cada aspirante ordenadas de maior a menor puntuación, e que incluírá unha proposta de selección e unha lista de reserva co resto de aspirantes que non foron seleccionados/as. A citada acta publicarase no taboleiro de anuncios da casa do Concello de Irixoa.

10ª. Presentación de documentación.

O/a aspirante proposto/a para a súa contratación presentará no Rexistro Xeral do Concello de Irixoa, previamente á formalización do contrato, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- f) IBAN da conta bancaria en documento xustificativo (24 díxitos).

11ª. Comezo das tarefas propias do posto.

Unha vez publicado o resultado da selección no taboleiro de anuncios do concello e tras a presentación dos documentos relacionados no apartado anterior, procederase á sinatura do contrato laboral e á alta na Seguridade Social, comezando posteriormente o/a traballador/a a prestar os seus servizos no concello. A non presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo, salvo causas debidamente xustificadas.

12ª. Normativa de aplicación.

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación as seguintes disposicións:

- Orde do 20 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural) para o ano 2020).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2016, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

13ª. Réxime de recursos.

Contra o acordo de aprobacións das bases desta convocatoria, que é definitivo na vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía, no prazo dun mes contando dende a notificación do acordo, ou recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses a na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente; todo elo coa forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Irixoa, xuño de 2020

O ALCALDE

Antonio Deibe Sanmartín

Diante miña

O SECRETARIO acctal.

José Fernando Espada Orgeira